

ANUNCIO

APROBACIÓN INICIAL A MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA

O pleno do concello de Rianxo, en sesión ordinaria do día 30 de xuño de 2022, adoptou o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a mutación demanial subxectiva por cesión da titularidade do ben inmovible da parcela sita en Polígono Industrial de Rianxo, a favor da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, para o fin da situación dunha Base de Unidades Operativas -BUO- do servizo de prevención e extinción de incendios forestais, en exercicio das súas competencia, da seguinte parcela:

REFERENCIA CATASTRAL: 5943803NH1254S0000MJ

CLASIFICACIÓN: SOLO URBANO

ORDENANZA DE APLICACIÓN

Plano "PO 1.1. Zonificación" do proxecto sectorial de parque empresarial en Rianxo:

Zona: E2

Ordenanza de aplicación: ordenanza E

De non destinarse a dita finalidade a parcela obxecto da cesión, revertera no concello dito ben.

SEGUNDO. Anunciar no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de editos do Concello, polo prazo dun mes en virtude do artigo 269.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamacións e estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (<https://sede.concelloderianxo.gal>).

TERCEIRO. Considerar aprobado definitivamente o Acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións ou, no seu caso, con novo Acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

CUARTO. Cando o Acordo sexa definitivo, no Rexistro da Propiedade o cambio de titularidade

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 415.743 exp. 2022/X999/000081

efectuado no citado ben inmoble municipal e notificar ao Rexistro da Propiedade para que realice as anotacións correspondentes. Ademais, para a súa efectividade redactarase a correspondente acta que será subscrita por ambas as administracións. De non destinarse a dita finalidade revertera no Concello dito ben.

QUINTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a firma de todos os documentos relacionados con este asunto.

O que se fai público para coñecemento xeral.

Rianxo, 13 de xullo de 2022.

Asinado electronicamente, o alcalde, Adolfo Muíños Sánchez